



**SESIÓN ORDINARIA DE 29 DE DECEMBRO DE 2.006**

Na Casa de Cultura de Outeiro de Rei, sendo as doce horas do día vintenove de decembro de dous mil seis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Antonio Varela Rodríguez, D. José Espiño López, D. Serafín Vázquez Arias, D. Manuel Fraga Martínez, D. Jesús Fernández García, D. Cesáreo Trigo Méndez, D. Xoán Manuel Tubío Fernández, D. Arcadio Lombao Román, e D. Manuel Varela Granda, membros que constitúen o Pleno deste Concello na súa totalidade, có obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ó exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

**1. MOCIÓN REGULAMENTARIAMENTE PRESENTADAS.**

Non se presentou moción algunha para tratar neste punto da orde do día.

**2. ROGOS E PREGUNTAS.**

A instancias do sr. Alcalde, o Secretario da Corporación da lectura en viva voz o rogo presentado por don Manuel Varela Granda, en representación do Grupo Municipal do PSG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 29 de decembro de 2006 e número de asento 2805, que a continuación se transcribe:

“O concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito o Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como ROGO, con relación o punto 2º da Orde do Día do Pleno da data:

Cando se fixo a solicitude á Xunta de Galicia da concesión do “Parque Eólico Singular”, formouse unha comisión municipal, como así era preceptivo por lei, para xestionar e levar a cabo o proxecto, a que delegou no alcalde plenas atribucións, co compromiso pola súa parte de manter informado de tódolos pasos e procesos.

Dende ese momento, e transcurridos xa dous anos e medio, por parte do alcalde non se informou nin o mais mínimo, nin tan siquiera se volveu a convocar dita comisión.

Polo exposto ROGO ó Sr. Alcalde informe pormenorizadamente sobor do proxecto e o estado actual do mesmo, así como das resultas do convenio coa empresa que fixo as medicións de vento.

En Outeiro de Rei, a 29 de decembro de 2.006  
Asdo.: Manuel Varela Granda.”



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Rematada a lectura do citado rogo, intervén o sr. Pardo Lombao, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, que manifesta a súa sorpresa polo contido e presentación do rogo. Destaca que a paralización dos procedementos de concesión de parques eólicos singulares polo actual Goberno da Xunta de Galicia é de dominio público, xa que todo o mundo coñece que a Xunta paralizou a totalidade dos parques eólicos singulares dos concellos de Galicia, perxudicando, deste xeito, a economía dos concellos de Galicia.

En vez de impulsar os parques eólicos singulares e, con eles, un medio de financiación dos concellos galegos, a Xunta pretende crear unha empresa coa que facerse con esta fonte de financiación.

A instancias do sr. Alcalde, o Secretario da Corporación da lectura en viva voz ao escrito de preguntas presentado por don Xoan Manuel Tubio Fernández e don Arcadio Lombao Román, en representación do Grupo Municipal do BNG, con data de rexistro de entrada de 29 de decembro de 2006 e número de asento 2803.

Transcríbense as preguntas formuladas así como as respostas do sr. Alcalde ás mesmas:

“Xoan Manuel Tubío Fernández e Arcadio Lombao Román, como concelleiros integrantes do grupo municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan as seguintes preguntas para a súa contestación no pleno ordinario do 28 de decembro de 2.006.

### PREGUNTAS

1.- *Diante da pasividade da empresa que executa a urbanización do polígono chamado TRIACUA en San Martiño, e metidos no pleno inverno.*

*Qué solución ten previsto tomar o concello para o acondicionamento da estrada de titularidade municipal situada paralela ao Polígono RA-49 (Triacua), (estrada de saída á N-VI das urbanizacións dos Alargos) diante da súa precaria situación, por mor das obras de urbanización que levan meses paradas?*

Resposta o sr. Alcalde que se está a traballar nela. Aínda fai catro días, e pese as festas navideñas que, indudablemente, implican un certo retraso polos turnos vacacionais dos traballadores, estaban a meter as canalizacións de enerxía e rematando as aceras. Únicamente falla o aglomerado para rematar a rúa.

2.- *Qué medidas tomou, ou ten previsto tomar o Concello de Outeiro de Rei diante da paralización, tanto das obras das Vivendas de Promoción Autonómica, como as de Protección Autonómica, promovidas por Construcciones Clelia S.L., na zona de A Devesa – San Martiño de Guillar?*

Resposta o sr. Alcalde que unicamente existe un tipo de obra de protección autonómica no Concello de Outeiro de Rei. Non ten noticia da súa paralización, coñecendo unicamente que as obras están dentro dos prazos de execución fixados na correspondente licenza de obras. Por outra banda, informa que na urbanización Triacua, a meirande parte dos promotores son particulares alleos a Construccions Clelia S.L.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

3.- *Cantas urbanizacións entregou a empresa ao Concello? Cales son estas urbanizacións?*

4.- *Cantas faltan por entregar, que xa hai tempo están habitadas?*

Entregouse Alargos I, e o promotor xa solicitou a recepción de Alargos II e Salete I. Nestes intres dubida se se solicitou a recepción de Salete II.

Se os grupos da oposición tivesen verdadeiro afán de coñecer a realidade sobor a que preguntan, presentarían os escritos de preguntas con máis antelación, para que así quen as vai respostar poidese verificar os datos cos técnicos e coa documentación obrante nos arquivos municipais. A presentación das preguntas un minuto antes do Pleno parece que únicamente ten por finalidade coller desprevenido ao sr. Alcalde.

5.- *Qué medidas adopta o concello diante da citada empresa para que se entreguen todas as que están habitadas, dunha vez?*

As medidas que toma o Concello de Outeiro de Rei é a de revisar constantemente o estado de execución das urbanizacións e, no seu caso, requerindo a subsanación das deficiencias detectadas. Nalgúns casos, solicitouse do promotor a mellora das obras de urbanización aprobadas no seu día.

As obras de urbanización son obras complexas, nas que as revisións técnicas as veces non son dabondo para garantir un bó funcionamento das mesmas. O paso do tempo, nalgúns casos, é o único xeito de verificar a correcta execución das obras proxectadas. Pensemos nos sumidoiros ou outras obras soterradas.

Istos son os motivos dos retrasos, e pretenden evitar que, unha recepción apresurada da obra implique a repercusión, sobor o erario municipal, dos posibles erros de diseño ou execución da urbanización.

Por último, asegura que, aínda que non se recibisen, a totalidade das urbanizacións son perfectamente legais e contan con tódolos permisos e autorizacións.

6.- *Diante do Cementerio, aínda sen urbanizar, e mesmo ao pé da autovía estase a levantar unha obra. Sabe o concello quen está construindo alí?*

En tanto o proxecto de urbanización do polígono CC-1 está definitivamente aprobado, pódense outorgar licenzas subordinadas a execución simultánea da urbanización. No tocante á obra sobor a que recae a pregunta, informa que a parcela é da Dirección Xeral de Carreteras da Administración Xeral do Estado.

E non habendo máis asuntos a tratar, pola Presidencia dase por finalizada a sesión, sendo as doce horas e vinte minutos, da que eu Secretario, extendo a presente acta có visto e praxe do Sr. Alcalde.

O Secretario,

Vº e Praxe,  
O Alcalde,